

Materia	LINGUA CASTELÁ	Páx.	1
Curso	6º de Primaria		

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)
(A temporalización é meramente informativa. Pode sufrir variacións)

1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
<p>Vocabulario: tipos de dicionarios Sinónimos, antónimos. Polisemia, homonimia. Palabras primitivas e derivadas. Sufixos</p> <p>Ortografía: Regras de acentuación. Palabras compostas. Acentuación de monosílabos e en interrogativos e exclamativos.</p> <p>Gramática: Texto, paragrafo, oración, palabra. O Nome, clases. Determinantes. Graos do adxectivo. Pronome.</p> <p>Expresión escrita: O texto. A noticia. Pés de fotografías. Cartas ao director</p> <p>Expresión oral: Contar unha anécdota. Memorias e biografías. Construír unha historia. Interpretar imaxes. A enquisa. O debate.</p>	<p>Vocabulario: Definición de nomes, de adxectivos, de verbos. Extranxerismos e neologismos. Campo semántico</p> <p>Ortografía: O punto e a coma, signos de puntuación. Comiñas e paréntese. Palabras con b e con v, con g e con j.</p> <p>Gramática: O verbo. O adverbio. Preposicións e conxuncións. O suxeito</p> <p>Expresión escrita: Textos publicitarios. O texto teatral. A reportaxe Textos expositivos. A recensión dun libro.</p> <p>Expresión oral: Argumentar, dramatizar, debatir. A exposición oral. Resumir e ampliar</p>	<p>Vocabulario: Onomatopeas palabras comodín. Sentido propio e figurado. Siglas e abreviaturas. Tabú e eufemismos. Metáfora e metonimia.</p> <p>Ortografía: Uso do ll e do y. Palabras con -c,-cc,-z e -d, con s, con x. Palabras homófonas.</p> <p>Gramática: O predicado, os complementos. Clases de oracións. A interxección. As linguas de España</p> <p>Expresión escrita: Escribir normas, expresar sentimentos, a estrofa, escribir versos encadeados, caligramas</p> <p>Expresión oral: regras de</p>

OBXECTIVOS

- Ler un texto coa pronunciación, ritmo e ton axeitados , utilizando estratexias
- sinxelas para a súa comprensión .
- Identificar e utilizar correctamente distintos dicionarios.
- Coñecer clases de palabras :sinónimas, antónimas , polisémicas e frases feitas.
- Construír correctamente oracións, identificando as súas partes.
- Realizar correctamente descrições, narracións, diálogos e poesías.
- Adquirir as regras básicas de ortografía.
- Utilizar a expresión oral como forma de comunicación , expresión de ideas, desexos, pensamentos, emocións e sentimentos.
- Utilizar correctamente os tempos verbais.
- Saber que determinadas comunidades son bilingües.

METODOLOXÍA

- A metodoloxía será activa , participativa e globalizadora, favorecendo a integración dos alumnos/as na dinámica xeral da aula para a adquisición das aprendizaxes.
- Arbitraranse dinámicas que fomenten o traballo en grupo, partindo do noso contorno.
- A linguaxe utilizada será clara e sinxela e a gradación das actividades fará que

aparezan en último lugar as que requiren maior esforzo.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación practícarase da seguinte maneira:

- **Individualizada:** centrándose na evolución de cada alumno/a, e na súa situación inicial e particularidades.
- **Cualitativa :** onde se aprecian e avalían de forma equilibrada os distintos niveis de desenvolvemento do alumno/a.
- **Orientadora :** achegando ao alumno/a a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe.
- **Continua :** contrastando os diversos momentos de aprendizaxe pasando por unha fase
- **Inicial :** que nos achega datos acerca dos coñecementos previos de cada alumno/a.
- **Os instrumentos** a utilizar: a observación directa do traballo diario da clase, reproducir esquemas por escrito e fichas de avaliación para comprobar a adquisición de coñecementos.